



**RESERVA NATURAL (2026)**

Álex Mene

A Coruña, Baía, PVP. 15,21€

## Un pasado incómodo

De «locus amoenus»  
a «locus terribilis»

Pilar Ponte

Quen se achegue á novela *Reserva Natural*, novena entrega deste xénero literario do vigués Álex Mene, doutor en Belas Artes que exerce como catedrático de debuxo nun instituto galego, non vai quedar indiferente, porque segundo avance na trama se vai ir envolvendo nun ambiente de misterio no que quedará atrapado ata a última páxina, de xeito paralelo ao que lle acontece á narradora e protagonista principal.

O que comeza sendo unha viaxe idílica dunha parella que leva seis meses convivindo vaise ir transformando aos poucos nun pesadelo que atrapará a protagonista. Abel convida a Aroa a facer unha escapada polas montañas fronteirizas de Galicia con León e así aproveitar para lle presentar uns antigos amigos que se recluíron nesas paraxes e se dedican á cría de cans. Unha vez alí a protagonista irá descubrindo unha serie de detalles a través de interaccións incómodas e revelacións progresivas que lle van ir amosando o que se resiste a asumir. Todo isto inserido nunha natureza salvaxe que a envolve e oprime do mesmo xeito que o ladrar continuo dos cans do predio.

O que comezou sendo un *locus amoenus* vaise ir transformando nun *locus terribilis*, adiantado pola figura dunha muller persigñándose tras dunha ventá, do que Aroa xa non poderá escapar, e no que intuimos que a viaxe vai mudar drasticamente.